

Deus, Ti es amor

Ti, DEUS, es amor: Amor que se fixo home en Belén. Amor que se fixo Palavra desde antigo. Amor que compartiu a nosa vida.


Ti, DEUS, es amor: Amor que subiu á cruz. Amor que deu a súa vida na cruz. Amor que fixo todo por salvarnos.

Ti, DEUS, es amor: Amor que é unha familia de tres. Amor que é PAI. Amor que é FILLO. Amor que é ESPIRITO.

Ti, DEUS, es amor: Amor que ilumina e alegra. Amor que sempre acompaña. Amor que crea familia, comunidade.

Ti, DEUS, es amor: Amor de tres persoas distintas. Amor de tres persoas que se aman. Amor de tres persoas que nos aman. Amor de tres persoas que viven para que vivamos.

Dios
es
AMOR



Ao erguerse fai o Sinal da cruz:

Ao facer o sinal da cruz coa nosa man, desde a fronte ata o peito e desde o ombro esquerdo ata o dereito, consagramos a nosa persoa expresando o desexo de acoller a Deus Trindade en nós. Co desexo de que os pensamentos que elabora a nosa mente, as palabras que pronuncia a nosa boca, os sentimentos e desexos que nacen do noso corazón, as obras das nosas mans, sexan os dun home ou muller que viva "*no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo*".

Evanxeo
11-xuño-2017
Stma.
Trindade-A

Ordinario
"Tanto nos amou Deus
que nos enviou o seu Fillo."



Deus Trindade, o mellor quita-tensións.
Coñéceo, quereoo, rézalle.

Ordinario 10-Stma. Trindade

ÉXODO 34, 4b-6. 8-9: Señor, Deus compasivo e misericordioso.

Naqueles días, Moisés madrugou e subiu á montaña do Sinaí, como lle mandou o Señor, levando na man as dúas táboas de pedra. O Señor baixou na nube e quedou con el alí, e Moisés pronunciou o nome do Señor. O Señor pasou ante el proclamando: «Señor, Señor, Deus compasivo e misericordioso, lento á ira e rico en clemencia e lealdade». Moisés ao momento inclinouse e prostrouse en terra. E díxolle: «Se obtiven o teu favor, que o meu Señor vaia connosco, aínda que é un pobo de dura cerviz; perdoa as nosas culpas e pecados e tómanos como herdade túa». Palabra do Señor.

SALMO Dn. 3, 52-56: R/. A ti gloria e loanza polos séculos.

2ª CORINTIOS 13, 11-13: A graza de Xesucristo, o amor de Deus e a comunión do Espírito Santo.


XOÁN 3,16-18: Deus enviou o seu Fillo para que o mundo se salve por el.

Narrador: Naquel tempo díxolles Xesús:

Xesús: -«**Tanto amou Deus o mundo**, que entregou o seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna. Porque Deus non enviou o seu Fillo ao mundo para vulgar o mundo, senón para que o mundo se salve por el. O que cre nel non será xulgado; o que non cre xa está xulgado, porque non creu no nome do Unixénito de Deus».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús).



Deus Trindade o mellor quita-tensións. Coñéceo, quéreo, rézalle.

1. VER: Non o vemos pero está

- A profesora pregunta: **Como sabemos que Deus existe se ninguén o viu?** Todos quedaron calados. Para os nenos é evidente que o que non se ve ou se toca non existe. Asa que un pequeno levantou a man e timidamente respondeu: *“Señorita. Deus é como o azucre. Miñas nai díxome que DEUS é COMO o AZUCRE no meu leite que ela prepara todas as mañá. Eu non vexo o azucre que está dentro da cunca no medio do leite, pero se ela non llo bota, queda sen sabor. Deus é o que pon sabor na miña vida”.*

Que che parece a definición de Deus que dá o neno? Tu como o dirías?

- Hai quen necesita quitar-tensións, pero quen pode enchernos de paz?

2. XULGAR: Deus Trindade dámos a Paz

- No evanxeo de hoxe, festa da Santísima Trindade, Xesús dinos que *“tanto amou Deus o mundo que entregou o seu Fillo único para que nos salve”.* O libro do Éxodo dinos que *“Deus é compasivo e misericordioso”.*

QUE NOS QUERE DICIR?

1.- **Deus é Trindade:** -Deus é tres: Pai, Fillo e Espírito Santo.

- **Deus é familia:** varias persoas pero unidas, formando unha comunidade. -**Deus é relación profunda.**

2.- **Deus é Amor:** é amor profundo entre as tres persoas e é amor e perdón constante connosco porque *“é compasivo e misericordioso”.* Pero ás veces non coñecemos a Deus ou facémonos unha idea falsa del e non cremos.

3.- **Non crer en Deus é perdernos moito, o seu amor enriquecenos:**

Deus é misterio e só o coñeceremos totalmente no ceo. Pero Deus é o noso Pai que nos deu a vida e nos quere como a Xesús. Deus nos regalounos o Espírito Santo que é o bico que Deus deixa cada día no noso corazón. Deus acompáñanos cada día, échenos de luz e de paz, perdóanos e sálvanos. Está aí sempre.

Que é Deus para tí? Como te relacionas con el?

3. ACTUAR: Coñéceo, quéreo, rézalle.

- **Descobre a Deus** como “o azucre” que vai poñendo sabor na túa vida: dáche paz, compañía, forza, luz ... o mellor “spinner” quita tensión.

- Rézalle a Deus que tanto te quere: Polo sinal, Gloria ao Padre, Credo, Gloria ...

- **Escribide unha carta** invitando a un neno que non cre a ter fe e explicándolle as túas razóns. -E ás nais, catequistas, falémoslles aos fillos do Deus que dá sentido e sabor á nosa vida ...

Que estás disposto/a a facer? E o teu grupo?